

## PRESENTACIÓN DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA DO IES A Xunqueira II

Como departamento de Relixión Católica nacín no curso 1986-1987 ao tempo que xurdía o instituto A Xunqueira II na cidade de Pontevedra. Anque, en realidade, xa tiña nacido moito antes: no momento en que o ser humano se preguntaba cousas de Deus. Pero de verdade renazo cada día no instante en que algún mozo me pregunta cal é o sentido da súa vida, por que ten que estudar, quen son os seus amigos, quen foi aquel home que podendo baixar da cruz non o fixo para ensinarnos que é o Amor...

Teño sido un departamento moi atípico.

Teño sido o apóstolo Santiago animando aos alumnos a descubrir as fontes fermosas da nosa terra galega, camiño de Compostela, e animándoos a descubrir aínda a máis fermosa fonte que é a fe. Teño sido o xílgaro de San Ero de Armenteira ensinando o valor do silencio dos buscadores de Deus nun mosteiro.

Teño sido o Miño abrindo horizontes, e os castros celtas mirando a natureza, e a procesión dos cadaleitos da Póboa do Caramiñal mostrando que a morte nos agarda a todos, e o románico de Santa María de Adina porque o arte é a expresión máis gratuíta do ser humano, e tamén teño sido o Pórtico da Gloria, as catedrais de Galicia, o comedor dos pobres de San Francisco, as rúas xeitosiñas de Pontevedra e moitas outras cousas que non digo.

Teño sido Martin Luther King loitando pacificamente no traballo cotián contra os que dicían que non sirvo para nada, teño sido Teresa de Calcuta axudando aos alumnos desprezados e teño sido Charles Chaplin arrincando sorrisos en moitos festivais.

Teño sido, en fin, moitos daqueles que practicando as súas conviccións teñen gañado o respecto e recoñecemento da Humanidade: o Dalai Lama, Einstein, Ana Frank, Teresa de Ávila, Sidharta Gautama, Gandhi, Rosalía de Castro e tantos outros nomes que son modelo de traballo humilde, honradez e superación. Teño sido un alento quente como o daquela vaquiña que en Belén puxo esperanza na noite fría.

E, desde logo, teño sido Xesús de Nazaret revelando a verdade con narracións sinxelas e realistas, mostrando coa súa vida que é posible un mundo máis xusto, fraternal, acolledor e feliz.

Nunha sola semana de clases teño sido educador, amigo, enfermeiro, adestrador, pai e nai substitutos, chofer, psicólogo, buscador de ledicias perdidas, pano de bágoas, telefonista, artista, repartidor de soños... É dicir, teño sido o que é calquera mestre que non ten nada que ensinar, porque os estudantes aprenden por si mesmos e calquera persoa precisa unha vida enteira para saber quen é. Son unha pregunta, un paradoxo no eido educativo e tamén o máis afortunado pois cada día teño que desenterrarme para construír no amor e na verdade algo que durará para sempre.

Son o Departamento de Relixión Católica e, por iso, doulle grazas a Deus todos os días.

*Olga López Míguez*